

EXERCICIOS SUBSTANTIVOS E ADXECTIVOS

1.- Escribe o masculino ou o feminino correspondente en cada substantivo:

profeta	campión	sultán	xudeu
xefe	emperatriz	ditadora	barón
ladrón	policía	xenro	tsarina
santiña	labrego		

2.- Forma o plural dos seguintes substantivos:

pai	rei	arco	animal
corazón	promesa	raíña	nai

3.- Indica agora si os seguintes substantivos son masculinos ou femininos:

árbore	análise	arte	fraude	marxe	masacre
orixe	eclipse	paisaxe	peaxe	sangue	síndrome
legume	diadema	labor	leite	suor	orde
mel	sal	ponte	sinal	mar	dote
canle	calor	fronte	reciclaxe	reuma	paréntese
acne	linde	traxe	cume	crise	

4.- Escribe a forma do adxectivo que se corresponda coa concordancia indicada. Ten en conta que hai adxectivos que non varían a súa terminación para os dous xéneros.

Masculino singular	Masculino plural	Feminino singular	Feminino plural
			Fáciles
	Vellos		
Grande			
		Fiel	
			Tolas
		Cruel	

5.- Indica o grao comparativo no que están as seguintes frases.

- a) O Alberte eta tan lacazán como o seu irmán Xulio.
- b) O tratamento médico foi custosísimo.
- c) As pegas sonche máis listas cos corvos.
- d) Creo que o episodio cinco é o menos interesante e entretido da serie.
- e) O primeiro disco que sacaron é menos interesante que o segundo.
- f) Case estou máis contento ca el cos seus resultados
- g) A vida que leva a avoa é moi activa
- h) Non apareceu tan puntual como asegurada.
- j) Ao final foi unha decisión menos traumática do que parecía nun principio

6.- Segundo a calidade propia dos adxectivos, estes poden ser cualificativos, relacionais e xentilicios. Nos seguintes adxectivos indica a que categoría pertencen.

Fermoso:

loira:

presidencial:

suave:

ourensá:

coruñesa:

paternal:

vigués:

escolar:

7.- Escolle a conxunción axeitada para as seguintes estruturas comparativas.

- a) O adestramento acabou moita máis tarde **que/ ca / do que** dixera Fiz pila mañá.
- b) A choiva foi tan intensa **como / coma** anunciaran as predicións meteorolóxicas.
- c) Non será tan listo **como / coma** ti, mais ben que cha xogou!
- d) O seu traballo foi menos eficaz **que / ca / do** que esperabamos.

8.- Agora, coloca as conxuncións comparativas.

- a) A súa vida foi máis dura _____ sabemos.
- b) Se non podedes ir máis rápido _____ ela, abandonade a carreira.
- c) A tea non era tan bonita _____ parecía no folleto, mais saíunos barata.
- d) Están menos afeitos _____ os seus amigos a durmir fora.
- e) Resultou ser igual de competitiva _____ ti, aínda que ten mellor perder.